

ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Santiago de Compostela, 05 de marzo de 2024

REÚNENSE:

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 15 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, a Universidade don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

O seu interese en actualizar o convenio de colaboración educativa asinado entre a Consellería de Política Social e a Universidade de Vigo con data 08 de febreiro de 2018 e prorrogado por catro anos máis con data 08 de febreiro de 2022. En consecuencia, acórdase incluír a seguinte cláusula e deixar sen validez todas aquelas outras incluídas no convenio orixinal que se lle opoñan:

CLÁUSULA ÚNICA: Inclusión no réxime xeral da Seguridade Social

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerase polo establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do Real

decreto 2/2023, do 16 de marzo, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS). En todo caso, desde o 1 de xaneiro de 2024, a Universidade asumirá a cotización e tramitación da alta na Seguridade Social do alumnado que realice prácticas curriculares non remuneradas.

Ningunha das partes asinantes vai asumir as obrigas en materia de seguridade social relativas ás prácticas extracurriculares ou curriculares non remuneradas, polo que mentras esta addenda ao convenio se manteña vixente soamente poderanse establecer prácticas curriculares non remuneradas.

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan electrónicamente esta addenda.

A CONSELLEIRA DE POLITICA SOCIAL E XUVENTUDE	O REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO
Fabiola García Martínez	Manuel Joaquín Reigosa Roger